

A cultura galega lembra a Carlos Casares no seu décimo cabodano

Unha ofrenda en Nigrán e un acto en Xinzo honraron a memoria do autor

JORGE LAMAS, X. M. RODRÍGUEZ
VIGO, OURENSE / LA VOZ

A cultura galega lembrou onte a Carlos Casares no día en que se cumpriron dez anos do seu pasamento. Familiares e amigos do escritor e cargos públicos acudiron onte ao cemiterio de Nigrán para honralo cunha ofrenda floral. Román Raña, Xulián Maure, Manuel Rodríguez Álvarez, Manuel Rodríguez Vázquez ou Anxo Lorenzo, secretario xeral de Cultura, participaron no acto, que tamén contou coa lectura dun poema sobre a figura do autor. Durante o acto faláron Hakan Casares, fillo do autor, e tamén Anxo Lorenzo, quen destacou a contribución de Casares á cultura galega, a través da súa obra e tamén da súa traxectoria persoal, subliñando o seu labor de ponte con outras culturas literarias.

Tamén en Xinzo se lembrou onte a Casares e a homenaxe que se lle rendeu no 2001, cando os veciños deixaron pequena a Casa da Cultura para facerlle patente o agradecemento e amizade a unha persoa que era coñecida como «o fillo de doña Manolita e de don Paco, o mestre de Xinzo». O escritor xa deixara por escrito a súa débeda vital e literaria coa vila: «A miña vida depende de Xinzo, que sempre está detrás das miñas historias, como espazo real ou



O director da Fundación Casares, Gustavo Garrido, fala en presenza de achegados do autor. **XOÁN CARLOS GIL**

imaxinario». Onte, na que dende hai anos se chama Casa da Cultura Carlos Casares, xuntáronse de novo os seus amigos e colaboradores para participar nunha tertulia pública sobre a súa figura.

O seu irmán, Xavier Casares, Luís González Tosar, Antón Riveiro Coello, Gonzalo Iglesias Sueiro e Xosé Carlos Caneiro foron os encargados de lembrar a figura e a obra do homenaxeado na tertulia *Carlos Casares, intelectual e literato*.



O escritor foi onte centro dunha tertulia en Xinzo. **MIGUEL VILLAR**